

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

RESOLUCIÓN do 24 de maio de 2013, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula o Plan Proxecta e se establecen as bases para a participación dos centros docentes sostidos con fondos públicos dependentes desta consellería durante o curso escolar 2013/14.

O artigo 105 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que as administracións educativas favorecerán o recoñecemento do labor do profesorado dos centros educativos que amose unha especial dedicación ao centro e á implantación de plans que supoñan innovación educativa.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vén colaborando de xeito continuado con distintos organismos para facilitar a integración de determinados programas no sistema educativo galego.

As distintas estruturas que presentan estes programas, os diversos protocolos de desenvolvemento, as variadas metodoloxías que os sustentan e os distintos calendarios que rexen a súa posta en práctica fan imprescindible a adopción dun sistema de coordinación eficaz que permita optimizar a utilización destes recursos educativos.

Trátase, xa que logo, de establecer un marco xeral de colaboración entre as distintas entidades que dispoñen de programas dirixidos aos centros educativos, de fixar uns criterios metodolóxicos e organizativos comúns, de integrar estes programas na planificación anual dos centros, nas programacións didácticas do profesorado participante e, ao mesmo tempo, crear unha rede de traballo cooperativo e recoñecerlle ao profesorado a súa participación nos proxectos de innovación educativa que se estean a desenvolver no ámbito deste plan.

A presente resolución pretende regular mediante o Plan Proxecta estes programas e establecer as bases para a participación nel dos centros docentes sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.



De acordo co anteriormente exposto, esta dirección xeral

DISPÓN:

Sección 1ª. Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

Esta resolución ten por obxecto regular o Plan Proxecta e establecer as bases para a participación dos centros docentes sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria durante o curso escolar 2013/14.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

Poderán participar nesta convocatoria os centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Sección 2ª. O Plan Proxecta

Artigo 3. *Definición do plan*

O Plan Proxecta é unha iniciativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en colaboración con diferentes organismos dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros a través de programas que desenvolvan de xeito paralelo as competencias básicas e a educación en valores.

Trátase dun plan que busca un avance nas dinámicas de mellora da calidade educativa, favorecendo a innovación nos propios centros a través de programas externos que leven á motivación e ao traballo activo e cooperativo do alumnado e do profesorado implicado. Para iso, un dos principais obxectivos deste plan é construír modelos de mellora mediante proxectos interdisciplinarios que teñan un alto potencial de transferibilidade tanto no propio centro en que se orixinan como no resto da comunidade educativa galega.

Artigo 4. *Obxectivos xerais*

Con este plan preténdense lograr os seguintes obxectivos:

1. Ofrecer á comunidade educativa galega programas de diferentes ámbitos que fomenten a innovación educativa. Estes programas descríbense no anexo I desta resolución.



2. Establecer un marco xeral de colaboración para presentar todos os programas implicados dun xeito estruturado.

3. Fixar uns criterios metodolóxicos e organizativos comúns dirixidos á creación de proxectos de innovación que desenvolvan as competencias e os valores.

4. Establecer unhas pautas comúns en relación co recoñecemento do traballo do profesorado nestes proxectos.

5. Ofrecer a posibilidade aos centros de integrar dentro da súa planificación anual e ao profesorado de incluír dentro das súas programacións aqueles programas que mellor se adapten ás súas características específicas.

6. Crear unha rede de traballo cooperativo e interdisciplinario que consiga transformar e mellorar a práctica educativa, transferindo eficazmente as iniciativas innovadoras. Valorarase e fomentarase que as interaccións entre o profesorado participante se leven a cabo no grupo do Plan Proxecta en Redeiras (<https://www.edu.xunta.es/redeiras/groups/profile/129626/plan-proxecta>), rede social do profesorado.

Artigo 5. *Eixes e accións do plan*

Os eixes do plan son tres:

1. Organización.

Este eixe está marcado por tres accións centrais:

- a) Sistematizar e actualizar os programas dos distintos organismos (anexo I).
- b) Difundir o plan a toda a comunidade educativa.
- c) Utilizar ferramentas eficaces de xestión do plan.

2. Apoio.

As principais accións deste eixe son:

- a) Ofrecer, se é o caso, formación ao profesorado.



b) Establecer un sistema de asesoramento e seguimento a través das estruturas de formación permanente do profesorado, da inspección educativa, dos equipos responsables de cada un dos programas e da asesoría de innovación educativa da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

3. Avaliación, recoñecemento e transferibilidade.

Neste caso as accións que se deben seguir son:

a) Recoñecer a participación dos centros, das persoas coordinadoras e do profesorado no plan como actividade de innovación educativa tras unha avaliación do traballo realizado.

b) Realizar, se é o caso, unha convocatoria de premios de innovación educativa aos mellores proxectos polo traballo levado a cabo polo profesorado e os centros participantes nos diferentes programas.

c) Difundir os mellores proxectos a través das canles dixitais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 6. *Liñas estratéxicas do plan*

Este plan organízase arredor de tres grandes liñas estratéxicas:

1. Desenvolvemento transversal dos valores básicos para a vida e a convivencia.

Os programas incluídos neste plan teñen en común o obxectivo de desenvolver a educación en valores: a igualdade, a solidariedade, a tolerancia, a vida saudable, o respecto do ambiente, o desenvolvemento sustentable, a non discriminación, a resolución pacífica de conflitos ou o consumo responsable, entre outros moitos valores que se deben tratar nas aulas.

2. Desenvolvemento das competencias.

O desenvolvemento das competencias é fundamental na organización curricular tanto do ensino obrigatorio como da educación infantil, do bacharelato e da formación profesional. De xeito destacado, a educación infantil, a primaria e a secundaria obrigatoria fan do



desenvolvemento das competencias básicas unha das liñas centrais de acción. Os currículos destes niveis educativos inclúen as seguintes competencias básicas:

- 1º. Competencia en comunicación lingüística.
 - 2º. Competencia matemática.
 - 3º. Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.
 - 4º. Tratamento da información e competencia dixital.
 - 5º. Competencia social e cidadá.
 - 6º. Competencia cultural e artística.
 - 7º. Competencia para aprender a aprender.
 - 8º. Autonomía e iniciativa persoal.
3. Utilización de estratexias metodolóxicas comúns.

A terceira liña estratéxica é o fomento de estratexias metodolóxicas comúns a todos aqueles programas que participen no Plan Proxecta. Unha proposta metodolóxica que se basea en dinámicas activas, cooperativas e centradas na experiencia próxima do alumnado e que leva ao desenvolvemento de valores desde unha crecente posición crítica e autónoma, partindo dos seus intereses, das súas experiencias e dos seus coñecementos previos. Deste xeito, as actividades levadas a cabo por cada programa no centro organizaranse conformando un proxecto interdisciplinario que se integrará nas programacións específicas do profesorado participante e na programación xeral anual dos centros.

Artigo 7. *Profesorado participante*

1. Nos proxectos interdisciplinarios realizados nos centros deberán tomar parte, como mínimo, unha persoa coordinadora e un profesor ou unha profesora. A participación máxima estará delimitada polo establecido especificamente por cada programa.
2. O profesorado coordinador e participante deberá ter destino no centro solicitante durante o curso académico completo.



3. Será posible realizar proxectos nos cales participen varios centros. Neste caso cada centro debe facer por separado unha solicitude na aplicación de xestión, contar cunha persoa coordinadora e co número de profesorado mínimo e máximo establecido no punto anterior. Para os efectos de avaliación terase en conta o proxecto de cada centro por separado, pero valorarase especialmente o esforzo de colaboración intercentros.

Sección 3ª. Proceso de solicitude e selección dos proxectos

Artigo 8. Proceso e prazo de solicitude

1. Para participar nesta convocatoria as persoas responsables da dirección dos centros educativos (director/a ou secretario/a) deberán solicitar os programas que se recollen no anexo I mediante o formulario accesible na sección Plan Proxecta da aplicación Programas educativos (<http://www.edu.xunta.es/programaseducativos>), aloxada na parte Servizos do portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (<http://www.edu.xunta.es/web/services>). As persoas responsables da dirección do centro consignarán no formulario de solicitude os datos da persoa coordinadora do proxecto que, a partir dese momento, poderá cubrir o resto de información solicitada (profesorado participante, número de alumnado participante desagregado por curso e breve descrición do proxecto que se vai poñer en marcha no centro). Ao final deste mesmo formulario, a persoa responsable do equipo directivo confirmará o compromiso do centro de levar a cabo o proxecto correspondente a cada programa, rematará o proceso e enviará a solicitude pulsando no botón correspondente da aplicación.

2. No caso dos programas con modalidades, e se o programa non o especifica doutro xeito, os centros poden participar con proxectos que integren as diferentes modalidades, nunha combinación dalgunhas delas ou nunha modalidade única. De calquera xeito, só se recibirá unha certificación por programa.

3. Unha vez rematada e enviada a solicitude, a aplicación enviará un xustificante á caixa de informes da persoa responsable do equipo directivo que a cubra na aplicación de xestión. Unha vez revisados e comprobados os datos e asinado e selado este xustificante, a dirección do centro procederá a presentalo no Rexistro Único da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, Edificio Administrativo de San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou noutro rexistro propio ou concertado conforme o Decreto 164/2005, do 16 de xuño, así como por calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992,



do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. O xustificante debe remitirse ao seguinte enderezo:

Plan Proxecta.

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Edificio Administrativo San Caetano, s/n, bq. II, 2º andar.

15781 Santiago de Compostela.

4. O prazo para cubrir e enviar a solicitude vai desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* ata o día 30 de setembro de 2013, ambos os dous incluídos.

5. Unha vez pechado o prazo, as institucións responsables dos distintos programas educativos que forman parte do Plan Proxecta farán a selección dos centros educativos participantes segundo os criterios de selección publicados na súa ficha informativa da aplicación de xestión.

6. A comisión de selección, atendendo ao disposto no artigo 9, valorará e validará a selección de centros realizada polas institucións correspondentes. As listaxes provisionais de centros seleccionados resultantes serán publicadas no portal educativo <http://www.edu.xunta.es/web> e notificadas ás persoas responsables da dirección dos centros a través da aplicación telemática do Plan Proxecta.

Artigo 9. *Comisión de selección*

1. Baixo a presidencia da persoa titular da Subdirección Xeral de Ordenación, Innovación Educativa e Formación do Profesorado constituirase unha comisión de selección que se encargará de valorar as solicitudes.

2. A comisión estará integrada pola persoa titular da xefatura do Servizo de Ordenación, Innovación e Orientación Educativa, por unha persoa asesora da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, que realizará as funcións de secretaría, e polas persoas responsables de cada un dos programas que participan no Plan Proxecta.

3. A comisión poderá dispoñer a constitución de comisións técnicas, compostas por persoas asesoras da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación



Educativa e das outras institucións participantes, para os efectos de elaboración de informes sobre os proxectos presentados.

Artigo 10. *Resolución*

1. Unha vez rematado o proceso de selección das solicitudes, a comisión fará pública a resolución provisoria, que se difundirá no portal educativo <http://www.edu.xunta.es/web>.

2. A exposición abrirá un prazo de dez días naturais para efectuar reclamacións ou renuncias. Transcorrido este prazo, unha vez estudadas e, se é o caso, atendidas as mencionadas reclamacións e renuncias, a comisión seleccionadora elevará a proposta definitiva á persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa que resolverá a relación final dos centros seleccionados.

3. A resolución definitiva dos centros seleccionados publicárase no portal educativo <http://www.edu.xunta.es/web> e no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o prazo de seis meses sen que se lle notificase a resolución expresa, o solicitante poderá entender desestimada a súa solicitude, nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Contra esta resolución poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 107.1, 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou, directamente, recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme os artigos 10, 14 e 46.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Sección 4ª. Seguimento, avaliación e certificación

Artigo 11. *Seguimento e avaliación dos proxectos*

1. O equipo directivo do centro supervisará o desenvolvemento dos proxectos e dará conta aos órganos de participación e goberno, aos pais, nais ou tutores/as legais, así como ás institucións que participan nos programas.



2. A inspección educativa realizará, ao longo de cada curso académico, o seguimento e a avaliación das diferentes actuacións previstas nos programas, e informará periodicamente a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

3. A avaliación dos proxectos realizada polas persoas coordinadoras e polo profesorado participante incorporárase á memoria anual do centro.

4. A persoa coordinadora de cada proxecto elaborará unha memoria final do traballo realizado na sección correspondente da aplicación de xestión do plan segundo o exposto no anexo II da presente resolución. A valoración positiva desta memoria será indispensable para acadar a certificación correspondente.

Artigo 12. *Certificación de participación*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria certificará, segundo a normativa vixente, a participación do profesorado nos programas como actividades de innovación educativa e recoñecerá e difundirá, se procede, as boas prácticas derivadas da aplicación dos programas en función dos resultados do seu seguimento e avaliación.

Dependendo da duración do proxecto realizado, a equivalencia en horas de formación permanente do profesorado destas certificacións será a seguinte:

- a) Curso completo: 20 horas.
- b) Medio curso: 12 horas.
- c) Un trimestre: 8 horas.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2013

Manuel Corredoira López
Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa





ANEXO I

Datos básicos dos programas participantes no Plan Proxecta durante o curso escolar 2013/14

Institución	Nome do programa	Definición	Temporización	Alumnado a que vai dirixido	Centros a que vai dirixido
Presidencia da Xunta de Galicia (Secretaría Xeral para o Deporte)	Xogade	Participación en actividades de carácter lúdico e transversal para o fomento da actividade física. 2 modalidades: Deporte escolar Móvete+	Curso completo	Primaria e ESO	Sostidos con fondos públicos (públicos e concertados)
	Deportivo de centro	Creación de unidades de promoción de actividade física saudable nos centros educativos	Curso completo	Todo	Dependentes da Consellería (públicos)
	Máis e mellor actividade física	Desenvolvemento dunha hora lectiva semanal de Coñecemento do Medio en colaboración co profesorado de Educación Física nun contexto de actividade física e movemento fóra da aula	Curso completo	Primaria	Sostidos con fondos públicos (públicos e concertados)
Presidencia da Xunta de Galicia (CGAI)	Cine en curso	Exploración da potencialidade pedagóxica da creación cinematográfica	Curso completo	Primaria, ESO e bacharelato	Dependentes da Consellería (públicos)
	Fotografía en curso	Difusión e pedagogía da creación fotográfica nos centros educativos	Curso completo	Primaria, ESO e bacharelato	Dependentes da Consellería (públicos)
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea)	Cooperación galega: O mundo que queremos	Fomento da educación para o desenvolvemento, a solidariedade e a loita contra a pobreza	Curso completo	ESO	Sostidos con fondos públicos (públicos e concertados)
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Secretaría Xeral da Igualdade)	Por 365 días de respecto e igualdade	Prevención da violencia de xénero dentro do ámbito educativo	Curso completo	ESO, bacharelato, FP e adultos	Dependentes da Consellería (públicos)
	Donas de si	Visibilización das mulleres como pezas fundamentais do desenvolvemento da sociedade galega	Curso completo	4º de ESO e bacharelato	Dependentes da Consellería (públicos)



Institución	Nome do programa	Definición	Temporización	Alumnado a que vai dirixido	Centros a que vai dirixido
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	Sustentabilidade e paisaxe	Formar o alumnado na cultura da sustentabilidade e da valoración da paisaxe próxima. 2 modalidades: a) Axenda 21 Escolar de Galicia b) 12 meses, 12 paisaxes	Curso completo	Infantil, primaria, ESO, bacharelato e FP	Dependentes da Consellería (públicos)
	MeteoEscolas	Cofecemento do clima da escola e do seu arredor. 2 modalidades: a) O meu clima b) Calidade da auga de chuva	Curso completo	Primaria, ESO, bacharelato e FP	Sostidos con fondos públicos (públicos e concertados)
	Terra	Cofecemento dos espazos que habita o alumnado. Proxecto para o curso 2013/14: «O lugar onde vivimos: Os espazos de encontro e relación»	Curso completo	Primaria, ESO, bacharelato e FP	Sostidos con fondos públicos (públicos e concertados)
	Recíclate con Sogama	Fomento da recollida selectiva de residuos	Curso completo	Primaria	Sostidos con fondos públicos (públicos e concertados)
	Ríos	Fomento da conservación dos ecosistemas fluviais	Curso completo	Infantil, primaria, ESO, bacharelato, FP e adultos	Dependentes da Consellería (públicos)
Consellería de Economía e Industria (IGC)	Consumópolis	Mellora das pautas de consumo responsable do alumnado mediante a participación nun concurso con fases autonómica e estatal	Medio curso	5º e 6º de primaria e ESO	Sostidos con fondos públicos (públicos e concertados)
	Galicons-net	Investigación do alumnado a través dunha das tres temáticas propostas: • Consumo e xénero • Publicidade • Comercio electrónico	Curso completo	Todo	Sostidos con fondos públicos (públicos e concertados)
Consellería de Sanidade	Clases sen fume	Prevenção do tabaquismo	Medio curso	1º e 2º de ESO	Sostidos con fondos públicos (públicos e concertados)
	Salvavidas	Fomento de actitudes favorables nos escolares cara á doazón e aos transplantes	Medio curso	Primaria, ESO, bacharelato, FP e adultos	Sostidos con fondos públicos (públicos e concertados)





Institución	Nome do programa	Definición	Temporización	Alumnado a que vai dirixido	Centros a que vai dirixido
Consellería de Traballo e Benestar	Quérote+	Asesoramento, formación e información en temas de autoestima, educación afectivo-sexual e convivencia nas aulas, nas redes sociais e nos espazos de ocio. 2 modalidades: a) Socializando b) Coñecéndonos	Curso completo	ESO	Sostidos con fondos públicos (públicos e concertados)
	Parlamento Xove	Fomento do diálogo e a argumentación razoada das ideas propias como ferramenta para o consenso	Medio curso	3º e 4º de ESO e bacharelato	Sostidos con fondos públicos (públicos e concertados)
	Rede de Centros Escolares Solidarios	Fomentar que os escolares se comprometan como voluntarios/as cunha entidade	Curso completo	Infantil, primaria, ESO, bacharelato e FP	Sostidos con fondos públicos (públicos e concertados)
	Correspondentes xuvenís 3.0	Promocionar e difundir información de interese para a mocidade a través da creación dunha rede de correspondentes xuvenís nos institutos.	Curso completo	2º ciclo de ESO, bacharelato e FP	Dependentes da Consellería (públicos)
Consellería do Medio Rural e do Mar	Aliménta-T ben	Mellora dos hábitos alimenticios do alumnado. 3 modalidades: Froita na escola Lácteos na escola Ponlle as pilas ao teu bocata (conservas do mar)	Curso completo	a) 2º ciclo de infantil, primaria, ESO b) 2º ciclo de infantil, primaria, ESO, bacharelato e FP c) Primaria	a) e b) Sostidos con fondos públicos (públicos e concertados) c) Dependentes da Consellería (públicos)
	O monte vivo	Participación dos escolares na protección do medio natural fronte aos incendios forestais	Curso completo	Primaria e ESO	Sostidos con fondos públicos (públicos e concertados)
	Montentérate	Fomento do coñecemento da multifuncionalidade do monte, da súa xestión sustentable e da importancia dos montes veciñais en Galicia	Curso completo	Primaria e ESO	Sostidos con fondos públicos (públicos e concertados)



Institución	Nome do programa	Definición	Temporización	Alumnado a que vai dirixido	Centros a que vai dirixido
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Secretaría Xeral de Política Lingüística)	Nós tamén creamos!	Promoción da lingua galega a través da creatividade e a incorporación das TIC nas aulas, creando curtametraxes en galego	Curso completo	2º ciclo de infantil e 1º e 2º ciclo de primaria	Dependentes da Consellería (públicos)

Para unha información máis detallada sobre os programas debe consultarse o enderezo <http://www.edu.xunta.es/web/node/6180>

ANEXO II

Estrutura da memoria final dos proxectos

1. Título do proxecto.
2. Introducción (sinopse do proxecto) [2000 caracteres máximo].
3. Grao de consecución dos obxectivos [3000 caracteres máximo].
4. Organización, desenvolvemento e metodoloxía [8000 caracteres máximo].
5. Avaliación (instrumentos utilizados e resultados obtidos) [3000 caracteres máximo].
6. Bibliografía e ligazóns utilizadas [3000 caracteres máximo].
7. Listaxe de profesorado participante e tarefas realizadas por cadaquén [10000 caracteres máximo].

